

AA.CC. MESTRE VIDE

Resumo: Marzo

Neste mes de marzo realizamos actividades variadas como poden ser: xogamos ao Tetris no ordenador; xogamos co pentominós: o obxectivo deste xogo é conseguir unha determinada figura con fichas de 5 cadros. Tamén xogamos con escarvadentes, tiñamos que facer unha figura e logo ilos quitando para conseguir a figura axeitada. Estivemos aprendendo un pouco sobre como facer unha páxina web co programa CodeAcademy. Isabella, unha compañeira da aula, ela soa sen que os mestre llo encargasen, fixo unha páxina web. Se queredes acudir á paxina web copia e pega o enlace: <http://realmangocat.000webhostapp.com/> verás cousas moi interesantes. Fixemos unha actividade que se lle ocorreu ao noso mestre dos martes e dos xoves (Beni) que consiste en extraer titulares de xornais e revistas para conseguir que teñan sonoridade ou rima.

Ademais, fixemos actividades con anagramas, que son palabras formadas a partir das letras doutra palabra. Vimos tamén unha curtametraxe titulada “A Cloudy Lesson” e tivemos que pensar en outros usos para obxectos comúns.

Como a biblioteca estaba ocupada tivemos que continuar cos traballos na aula de informática, xa que, alí hai ordenadores.

Asdo. Martín, Rodrigo, Ana, Patricia e Borja.